

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA VINTE E DOUS DE XUÑO DE 2010, CON CARÁCTER
ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
Escusa asistencia D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unhas horas e dez minutos do día vinte e dous de xuño de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o oito de xuño do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares


2.1.- Instancia num. 790/10 de dona M^a. Montserrat Brea Calvo

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para a rehabilitación de vivenda, consistente no cambio de fiestras, situada no lugar de Fornelos, emprazada en solo rústico de protección agropecuaria (R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación e non afectarán á estrutura da mesma

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.2.- Instancia num. 695/10 de dona Ana Barco Lagares e Wiston Swaby



Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Manteles de Arriba, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; num. plantas: baixa; altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Ecurra e Ouzande Arquitectura, S.L.P, cun orzamento de 133.982,39 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; a rampla de acceso quedará enrasada co viario de maneira que non sobresaia; en cumprimento do artigo 140 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona; en cumprimento do artigo 29 da citada lei deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia, e presentar compromiso de conexión ó servizo.

2º.- Aceptar a cesión de viais (195,92 m²)


Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil seiscientos setenta e nove euros con sesenta e cinco céntimos.

2.3.- Instancia num. 1.269/10 de dona Dolores Rúa Abraldes

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Illobre, solicita licenza para a rehabilitación de vivenda, de aproximadamente 72 m² en planta, consistente na substitución do tellado colocando uralita e tella, situada en Vilapedre, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais de acordo co artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación



provisional, á cantidade de cincuenta e catro euros con oitenta e dous céntimos (#54,82#)

2.4.- Instancia num. 506/10 de don Jesús Otero Touceda

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 280 m2 en planta, consistente no cambio do tellado colocando uralita e tella, situada en Xián, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais de acordo co artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos trece euros con dezanove céntimos (#213,19#)


2.5.- Instancia número 868/10 de dona M^a Soledad Pacheco Milmanda.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Viño-grande (San Andrés de Illobre) solicita licenza para parcelación, en 3 fincas resultantes, de finca ubicada no lugar de Viño-grande (San Andrés de Illobre), en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de Expansión de Núcleo Rural (ordenanza N2) e Solo Rústico de Especial Protección Forestal (R3), de acordo co proxecto técnico presentado asinado por Fco. Javier Bellet García en calidade de enxeñeiro técnico agrícola, de data 14 de xuño de 2010 e con número de visado 674/10.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza para parcelación da finca descrita no proxecto mencionado, sita no lugar de Viño-grande da parroquia de San Andrés de Illobre, nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes xa ingresadas na tesoureiría municipal, e que ascenderon á cantidade de 240,00 euros

2.6.- Instancia num. 804/10 de dona Pilar Porto Vilas

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para proceder á parcelación da finca num. 382 dos planos do acordo de concentración parcelaria de Vilanova, situadas no lugar de Vilar, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2) e solo de expansión de núcleo rural (N-2), en dúas parcelas resul-



tantes, segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Beillet García.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza para parcelación da finca descrita no proxecto mencionado, sita no lugar de Vilar da parroquia de San Pedro de Vilanova, nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes xa ingresadas na tesoureiría municipal, e que ascenderon á cantidade de 120,00 euros

2.7.- Segregación e agrupación de parcelas en Merín

Dáse conta do expediente instruído en relación coa situación da parcela 785 do plano do acordo da concentración parcelaria de Vilanova-Merín, sita no lugar de A Igrexa (San Cristovo de Merín) e no que se procedeu a recuperar en vía administrativa a posesión de parte da parcela, que estaba sendo ocupada por un propietario colindante, e á súa desafectación así coma do vial colindante pola súa parte leste. Realizada a desafectación procedeuse a realizar un levantamento topográfico das parcelas desafectadas co resultado que consta no expediente.

Realizados os trámites precedentes procédese e nos termos do proxecto redactado para os efectos por Clara Lema Rodríguez, en calidade de Arquitecta-Técnica, a segregación da parte recuperada da parcela orixina e á agrupación co vial colindante.

A Xunta de Goberno Local, á vista do proxecto redactado para os efectos, acorda concederlle a licenza para segregación a agrupación das fincas descritas no proxecto mencionado, sita no lugar de A Igrexa da parroquia de San Cristovo de Merín, nos termos do proxecto redactado pola Arquitecta-Técnica Clara Lema Rodríguez e que con posterioridade se proceda a practicar a rectificación no inventario municipal de bens e no rexistro da propiedade.

3º.- Acordo, se procede, sobre licenza de obra e de actividade para instalación de almacenamento e subministración de gasóleo a vehículos de explotación agraria

Téndose solicitado por M^a Josefa López Sanín, con enderezo en Paradela nº38, parroquia de San Xián de Sales, licenza para INSTALACION DE ALMACENAMIENTO E SUMINISTRO DE GASOLEO A VEHICULOS DE EXPLOTACION AGRARIA CON DEPOSITO ENTERRADO DE 10.000 L, a emprazar no lugar de Paradela, parroquia de San Xián de Sales

Tendo en conta que se tramitou o oportuno expediente de conformidade co disposto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, e demais lexislación de aplicación. Tendo en conta que con data 21 de abril de 2010, o órgano ambiental remite informe non sentido que non é necesario someter a actividade solicitada ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

A Xunta de Goberno , á vista do informe favorable dos Servizos Técnicos Municipais, acorda concederlle a dona Josefa López Sanín licenza de actividade e de obra para a instalación pretendida e nos seguintes termos:

Primeiro. A parcela en que se emprazan as obras que se pretenden, atópase parcialmente en solo clasificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Vedra como SOLO DE EXPANSIÓN DOS NUCLEOS RURAIS (ordenanza N-2), e parcialmente en Solo Rustico de Protección de Espacios Naturais (R-



6). As obras e actividade solicitadas emprázanse na súa totalidade no solo de ordenanza N-2.

Segundo. A ordenanza de aplicación autoriza o almacenamento de produtos e maquinaria agrícola de uso privado sen actividade comercial (uso industrial, categoría 1ª, grupo 10º); e mais concretamente, nas parcelas vacantes de edificación; os depósitos soterrados de líquidos combustibles ata un volume máximo de 10.000 litros (art.86.3.a).

Terceiro. As obras e a actividade que se pretenden, descritas no "Proyecto de instalación de almacenamento e subministro de gasóleo a vehículos con depósito enterrado de 10.000 L" redactado polo enxeñeiro técnico industrial Angel Manuel González Pinto, cun orzamento de execución material de **26.743,03 euros**, *cumpren coa normativa sectorial de aplicación e coas disposicións do vixente P.X.O.M.*

Cuarto. Segundo informe do 21 de Abril do 2010, da Xefatura territorial da Coruña da Consellería de Medio Ambiente, non é necesario someter a actividade ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental (nº expte: CO/0051/2010).

Quinto. O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate.

Sexto. As obras e a actividade axustaránse ás seguintes condicións:

- 1.Construiránse de acordo ao proxecto presentado no concello e antes do inicio das obras deberá achegar oficio de dirección visado por colexio competente e nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.
- 2.O depósito irá soterrado cun grosor mínimo sobre o mesmo dun metro, e gardará unha distancia mínima de 6,00 m a calquer linde.
- 3.O uso da instalación será exclusivamente privado da explotación agropecuaria da que é titular a peticionaria.

Deberá colocarse un rótulo indicador no que se fagan constar os datos do propietario, dos técnicos directores e contratista, ordenanza de aplicación, destino da construción, data e nº de expediente da licenza, prazo de execución das obras e nº de plantas autorizadas. Este rótulo axustarase ó modelo aprobado polo Concello

Deberá ingresar, previamente, en Arcas Municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias en relación coa licenza de actividade, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal e que se notificará.

A licenza de obra non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincocentos trinta e catro euros con oitenta e seis céntimos (#534,86#).

4º.- Acordo, se procede, sobre cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento destinado a librería

Vista a solicitude núm. 673/10 presentada por Rosa Mª Pérez Sande para transmitir ao seu favor a titularidade da licenza de apertura de establecemento destinado a *Librería* (denominada comercialmente Librería Avenida) sita en Avda. M.M. Gómez, 40, da parroquia de Vedra, deste termo,

Considerando que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 24/06/1993 e que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.



Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local ACORDA

Primeiro.- Autoriza-la transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de se-lo caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que determinaron a concesión da licenza no seu día.

Segundo.- Aproba-la liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de cento vinte euros con vinte céntimos (#120,20#) xa ingresada previamente nas arcas municipais, requisito sen o que esta autorización non surtiría efecto ningún.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ao transmitente e ao adquirente.

5º.- Certificacións de obras

5.1.- Certificación num. 2 e final da obra de *Mellora do firme dos viais municipais*

Dáse conta da certificación num. 2 e final da obra *Mellora do firme dos viais municipais (código 09.3270.0052.0)*, incluída no *Plan Provincial de axuda contra a crise destinado ó financiamento dos gastos de reposición asociados ó mantemento dos servizos públicos esenciais (PAC-2)*, e máis da factura num. E00117/10 da empresa adxudicataria, Obras y Viales de Galicia, S.I, por importe de vinte e sete mil seiscientos corenta e sete euros con trece céntimos (#27.647,13#), sendo do director da mesma o arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma


5.2.- Certificación num. 2 e última da obra *Pista polideportiva descuberta no CPI de Vedra (expediente num. 2820)*

Dáse conta da certificación num. 2 e final da obra de *Pista polideportiva descuberta no CPI de Vedra (expediente num. 2820)*, financiado con recursos procedentes do Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local (FEESL), e máis da factura num. OCV.006 da empresa adxudicataria, Promotora Matimán, S.L, por importe de vinte e oito mil oitocentos noventa e tres euros con cincuenta e seis céntimos (#28.893,56#), sendo o director da obra o arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma

2º.- Declarar a conformidade desta administración coa execución da mesma por parte da empresa adxudicataria e que esta desenvolveuse de conformidade co estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares reguladora e o contrato asinado entre o concello e a empresa adxudicataria



6º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Quilometraxe do Sr. Alcalde por xestións varias en xuño na Coruña. Importe 45,45 euros

Horas extraordinarias do mes de maio da traballadora dona Silvia Couto Rendo. Importe 422,68 euros

Horas extraordinarias do funcionario don Carlos J. Sanmartín do mes de maio. Importe 276,84 euros

Quilometraxe da educadora familiar dona Carmen A. Sabio do mes de maio. Importe 91,24 euros

Quilometraxe do arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez dos meses de marzo e abril. Importe 22,05 euros

Fondo social do operario de servizos varios don José I. Munín Castelao (seguro médico) segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 177,46 euros

Fondo social da funcionaria dona Mercedes Pereiras (odontoloxía), segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 90,00 euros

Xornadas de traballo da 4ª Tenente de Alcalde, dona Ana B. Picón, do mes de xaneiro a xuño. Importe 625,00 euros

Quilometraxe da 4ª Tenente de Alcalde dona Ana B. Picón no mes de abril. Importe 91,52 euros

Factura num. 1742 de Guadalupe J. García Cabal por clases de manualidades en maio. Importe 700,00 euros

Factura num. 5/2010 de José Fermín González Blanco por asistencia técnica no mes de maio. Importe 2.436,00 euros

Nota de dereitos e suplidos dos procuradores Regueiro y Piccoli, S.C devengados no procedemento ordinario 232/2009 (recurso contencioso interposto por dona Carmen Costa Piñeiro contra Resolución da Alcaldía de data 06/03/2009). Importe 319,00 euros

Factura num. 1743 de Guadalupe J. García Cabal pola elaboración de agasallos para os participantes na VII Mostra de Teatro Amador de Vedra "Teatrofilia". Importe 184,00 euros

Indemnización a dona Aurora Marco López por impartición dunha conferencia sobre Antonio López Ferreiro na Lembranza o día 19/06/2010. Importe 235,29 euros



Factura num. VD 06/2010 de Ana Naya García, S.L por servizo de gardría no mes de xuño. Importe 5.276,96 euros

Factura num. 14 de Miguel Camino Bouzón do traballos no mes de marzo. Importe 6.591,004 euros

Factura num. A/8580 de M.R. Cores Electrodomésticos, S.L por lavadora para o Pavillón Municipal e aspirador para o Colexio. Importe 504,00 euros

Axudas de custo e quilometraxe de Marco González Britez por impartición clases de tango en xuño. Importe 220,96 euros

Abono de Telefónica de España por maior desconto comercial. Importe 1404,61 euros

Cota da Asociación Terras de Compostela. Importe 1.000,00 euros

Factura num. A/9.910 de Marbe Hispania, S.L por materiais para obra en Santa Cruz de Ribadulla. Importe 280,98 euros

Factura num. 8207 de Darlim Maquinaria Limpieza, S.L por arranxo máquina fregadora do servizo de limpeza. Importe 71,62 euros

Factura num. 008/010/A de Topodex Galicia, S.L por levantamento topográfico do casco tradicional de Ponte Ulla e outros para o Plan Especial de Protección do conxunto urbano tradicional do núcleo de Ponte Ulla. Importe 9.860,00 euros

Factura num. 22108787 de A.C. Medín, S.A por arranxos no camión de recollida de lixo. Importe 61,54 euros

Factura num. 123 de Cruceiro da Ulla, S.L por comida cos colaboradores no entroido. Importe 420,00 euros

Factura num. 4000536183 da Sociedade Estatal Correos y Telégrafos, S.A do mes de maio. Importe 600,24 euros

Factura num. A/270 de Miguel Carlos Torres Vázquez por lavavaixelas para o CEIP de Ortigueira. Importe 323,00 euros

Factura num. A/271 de Miguel Carlos Torres Vázquez por deshumidificadores para a Casa do antigo Xulgado. Importe 298,00 euros

Axudas de custo de dona Dolores Monteagudo Sintas por impartición de taller de memoria nos meses de abril, maio e xuño. Importe 411,40 euros

Listados de Gas Natural S.U.R SDG, S.A correspondentes a alumeados públicos nos meses de febreiro, marzo e abril. Importe 29.393,83 euros



Listados de Gas Natural S.U.R SDG, S.A correspondentes ás escolas unitarias nos meses de febreiro, marzo e abril. Importe 2.608,36 euros

Listados de Gas Natural S.U.R SDG, S.A correspondentes ó punto limpo nos meses de marzo e abril. Importe 329,39 euros

Listados de Gas Natural S.U.R SDG, S.A correspondentes ó centro de saúde nos meses de marzo e abril. Importe 664,78 euros

Listados de Gas Natural S.U.R SDG, S.A correspondentes ó pavillón municipal nos meses de febreiro, marzo e abril. Importe 1.048,64 euros

Listados de Gas Natural S.U.R SDG, S.A correspondentes á nave almacén de Trobe nos meses de marzo e abril. Importe 74,36 euros

Listados de Gas Natural S.U.R SDG, S.A correspondentes á ludoteca nos meses de marzo e abril. Importe 772,38 euros

Listados de Gas Natural S.U.R SDG, S.A correspondentes á gardería municipal no mes de marzo . Importe 234,26 euros

Listados de Gas Natural S.U.R SDG, S.A correspondentes á casa do concello no mes de febreiro . Importe 975,47 euros

Listados de Gas Natural S.U.R SDG, S.A correspondentes ó albergue de peregrinos no mes de marzo . Importe 134,17 euros

Listados de Gas Natural S.U.R. SDG, S.A correspondentes ós locais culturais dos meses de marzo e abril. Importe 1.406,08 euros

Axudas de custo e quilometraxe de Francisco José Souto Rial por impartición clases de baile rexional no local social de San Xián no mes de maio. Importe 150,64 euros


Axudas de custo e quilometraxe de Marco González Britez por impartición de clases de tango no mes de maio. Importe 220,96 euros

Reembolso de Sport Life. Importe 31,45 euros

Factura num. VD 05/2010 de Ana Naya García, S.L por servizo xeral da gardería municipal no mes de maio. Importe 5.276,96 euros

Factura de Restaurante Algueirada por comida dos participantes da terceira idade na peregrinación a Santiago, con achegas dos participantes. Importe 675,00 euros

Factura num. A/2.310 de Nino Centro de Impresión Digital, S.L por duplicados e impresión de Cds da emigración en Vedra. Importe 125,28 euros



Factura num. 29 de Panadería Raviña por empanadas para o torneo de fútbol sala. Importe 27,50 euros

Factura num. 28-F082-150721 de Telefónica Móviles España, S.A correspondentes ós teléfonos móbiles no mes de maio. Importe 1.118,36 euros

Recibí de García Centro Comercial por caixa de caudais para servizos sociais. Importe 7,45 euros

Factura num. P.3812 de Editorial Compostela, S. A por concerto publicidade. Importe 574,20 euros

Recibi de acopio de materiais para servizo de madrugadores. Importe 2,97 euros

Factura num. 30 de Panadería Raviña por empanadas para festival clausura actividades extraescolares. Importe 42,00 euros

Factura num. 08/30 de José María Freiría Suárez do mes de maio. Importe 3.449,55 euros

Gastos da excursión da terceira idade ós Ancares, financiada con achegas dos participantes. Importe 1.725,00 euros

Factura num. 62 de Martín Quintás Liñares por camisetas para o día da bicicleta celebrada en Trobe. Importe 450,66 euros

Recibo de Día por acopio de alimentos para o servizo de madrugadores. Importe 16,73 euros

Factura de Siemens Renting, S.A por alugamento de fotocopiadora do departamento de urbanismo no mes de maio. Importe 548,85 euros

Factura num. 2010230 de Electricidad Cruceiro, S.L por mantemento alumeado público no mes de maio. Importe 2.262,06 euros

Factura num. 01962687 de Adif por alugamento da estación de ferrocarril de Santa Cruz. Importe 380,63 euros

Facturas de Vodafone do mes de maio. Importe 16,04 euros

Factura num. 0031601157 de Repsol Butano, S.A por cota de servizo (08/06/2009-07/06/2010). Importe 232,60 euros

Factura num. 140/019085 de PC BOX Santiago por ordenador para ludoteca. Importe 528,19 euros

Recibí de Eugenio García Brollón por actuación de dúo na sardiñada da terceira idade. Importe 350,00 euros



Factura num. IR-2010-001858457 de Vodafone do mes de maio. Importe 88,16 euros

Taxas de publicación de anuncio de aprobación inicial plan especial de ordenación do núcleo rural de Cimadevila. Importe 130,08 euros

Factura num. LR100344 de ATM por manuais para Secretaría. Importe 82,00 euros

Facturas de Telefónica de España S.A.U correspondentes ós teléfonos fixos de distintos edificios municipais do mes de maio. Importe 1.560,61 euros

Factura num. S725464 de Ricoh España, SLU por mantemento fotocopiadoras casa do concello e bibliotecas no mes de xuño. Importe 281,24 euros

Factura num. S738872 de Ricoh España, SLU por mantemento fotocopiadora servizos sociais no meses de xuño a agosto. Importe 152,12 euros

Reserva albergue Santa Olaia para o banco de tempo. Importe 50,00 euros

Factura num. 10-1255 de Askim Ingeniería S.L coordinación seguridade e saúde da obra *Mellora de firmes en vias municipais* do PAC-2. Importe 327,90 euros

Factura num. 10-1256 de Askim Ingeniería S.L coordinación seguridade e saúde da obra Pista polideportiva descuberta no CPI de Vedra, financiada con recursos do FEESL. Importe 537,43 euros

Factura num. 10-1257 de Askim Ingeniería, S.L por coordinación seguridade e saúde da obra de Ampliación da rede de abastecemento en Ponte Ulla, financiada con recursos procedentes do FEESL. Importe 375,14 euros

Factura num. 282 de Droguería -Ferretería El Sol por materiais diversos. Importe 147,10 euros

Factura num. 5 de Asociación Cultural San Campio por Cds Vai de Baranda do grupo A Requinta da Laxeira. Importe 500,00 euros

Factura num. 13, 14, 15 e 16 de Librería Avenida por materiais para escolas municipais, programa de educación familiar, e concurso de contos. Importe 723,57 euros

Factura num. 23 de Lares pola realización dun programa de contido cultural e turístico para a promoción do concello a través do programa Lembrando a Galicia con data 07/01/2010. Importe 1.900,00 euros

Factura num. 277-39/10F de Aquagest, S.A por conexións á rede de abastecemento de augas de vivendas en Castro. Importe 609,77 euros



Facturas nums. 61 e 62 de Manuel Gamallo y Otro, S.C por materiais para a brigada de obras e outros. Importe 428,53 euros

Factura num. RECC/10-0256 da Femp por cota da rede española de cidades polo clima 2010. Importe 150,00 euros

Factura num. 148/10 de Talleres e Repostos Barco, S.L por batería e outros para a maquinaria municipal. Importe 95,13 euros

Factura num. 26 de Miguel Camino Bouzón por factura do mes de maio. Importe 1.750,44 euros

Factura num. 197/10 de Empresa Seoane, S.L por bonobús da terceira idade do mes de maio. Importe 11,44 euros

Factura num. 196/10 de Empresa Seoane, S.L por importe de bonobús do mes de maio. Importe 152,36 euros

Factura num. CV01 de Alquimao, S.L por materiais para a brigada de obras. Importe 252,88 euros

Factura num. 30-3488 de Ulla Oil, S.L por acopio de gasóleo para os tractores municipais. Importe 985,32 euros

Factura num. 20-1425 de Ulla Oil, S.L por acopio de gasóleo para a maquinaria municipal. Importe 940,50 euros

Factura num. 20100067 de Ferretería Botana por materiais diversos no mes de maio. Importe 1.227,71 euros

Factura num. 005/15 de FPV por sudadeiras para torneo de fútbol sala. Importe 136,65 euros

Factura num. 010000638 , 010000639 e 010000640 de Puente Ulla, S.L por carburantes e outros do mes de maio. Importe 1.537,60 euros

Factura num. 85 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús cos alumnos do curso de educación de adultos en maio. Importe 535,00 euros

Factura num. 66 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús cos nenos da ludoteca en maio. Importe 342,40 euros

Factura num. 67 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús con motivo da romaría da terceira idade. Importe 214,00 euros

Factura num. 68 de Viajes Peillet, S.L por viaxe a Marcelle cos alumnos do CEIP de Ortigueira. Importe 642,00 euros



Factura num. 69 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús coa terceira idade con motivo da peregrinación a Santiago, con achegas dos participantes. Importe 267,50 euros

Factura num. E/38 de Castromil, S.A por bonobús do mes de maio. Importe 77,00 euros

Facturas nums. 294/E10, 0292/E10 e 0291/E10 de Talleres San Fins, S.L, por arranxos na maquinaria municipal en maio. Importe 1.952,52 euros

Factura num. 2010222 de Electricidad Cruceiro, S.L por traballos nas dependencias municipais no mes de marzo. Importe 1.332,97 euros

Factura num. 2010223 de Electricidad Cruceiro, S.L por traballos varios nos alumeados públicos en marzo. Importe 2.659,75 euros

Factura num. 2010228 de Electricidad Cruceiro, S.L por traballos varios nos alumeados públicos en abril. Importe 1.240,91 euros

Factura num. 2010227 de Electricidad Cruceiro, S.L por traballos nas dependencias municipais no mes de abril. Importe 1.903,36 euros

Factura num. 2010226 de Electricidad Cruceiro, S.L por instalación e iluminación no campo da festa de San Fins. Importe 896,68 euros

Factura num. 2010233 de Electricidad Cruceiro, S.L por traballos nas dependencias municipais no mes de maio. Importe 428,35 euros

Factura num. 2010232 de Electricidad Cruceiro, S.L por traballos varios nos alumeados públicos en maio. Importe 260,36 euros

Factura num. 7170028374 de Ofiservice po toner para a oficina de turismo. Importe 765,48 euros

Factura num. 10/169 de Mármoles y Granitos del Rio por materiais para os vestiarios de San Mamede. Importe 320,53 euros

Factura num. 2010/1408 de Sogama por tratamento dos residuos de Vedra en maio. Importe 6.978,75 euros

Factura num. 66/10 de Talleres Mosteiro por ITV de camión. Importe 95,55 euros

Factura num. A-158 de Autocares Mougán, S.L por servizo de autobús para a romaría da terceira idade. Importe 214,00 euros

Factura num. 10-00538 de Sapa cont. y Serv. S.L por retirada de materiais do punto limpo. Importe 490,06 euros



Factura num. FAC 404 de Neumáticos Fuentes Barreiro, S.L por rodas e arranxos en vehículos municipais. Importe 566,34 euros

Factura num. 10/161 de Mapoca, S.L por acopio de materiais diversos para a brigada de obra. Importe 1.497,10 euros

Factura num. 10/160 de Mapoca, S.L por materiais diversos para obras no CPI de Vedra e outros. Importe 271,21 euros

Factura num. 10/159 de Mapoca, S.L por materiais diversos para obras en Ortigueira e outros. Importe 102,01 euros

Factura num. P10/7434 de la Voz de Galicia por publicación anuncio de expediente de urbanismo a repercutille ó promotor. Importe 139,20 euros

Factura num. 505 de Socyser por servizo de axuda no fogar no mes de maio. Importe 1.177,95 euros

Factura num. 10/180 de Mármoles y Granitos del Rio por colocación escudos do concello en placas municipais. Importe 2.849,33 euros

Factura num. A/18 de Centro Comercial O Terrón por auga e materiais diversos. Importe 1.053,16 euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas

7º.-Dar conta de Resolúcións da Alcaldía

7.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta e un marzo do ano que andamos, pola que en atención ós acordos adoptados entre os representantes dos traballadores e o concello, recoñécese o 1º trienio á traballadora dona Josefina López Carballo


A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data tres de xuño do ano que andamos, pola que acorda incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística respecto das actuacións que se están a levar a cabo por don Gurmersindo Vieites Castiñeiras, consistentes na construción de base de formigón, no lugar de Outeiro (Santa Cruz) e ordénase a suspensión inmediata dos mencionados actos

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catro de xuño do ano que andamos, pola que acorda incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística respecto das actuacións que se están a levar a cabo por don Marcelino López Tato, consistentes na construción de peche de parcela, no lugar de Canicoba (San Mamede de Ribadulla) e ordénase a suspensión inmediata dos mencionados actos

A Xunta de Goberno dáse por enterada



7.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catorce de xuño do ano que andamos, pola que se declara a conformidade da administración coa execución das obras de Ampliación da rede de abastecemento en Ponte Ulla (expediente 3105) financiada con recursos procedentes do FEESL.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

8º.- Outros asuntos

8.1.- Escrito num. 902/10 de don Juan Carlos Franqueiro Casal

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, expón que ten unha porcentaxe de minusvalidez do 65% que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que lle expida tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e máis no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

8.2.- Solicitud de subvención á Consellería do Medio Rural

Dáse conta da Orde da Consellería do Medio Rural do 19 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2010 e 2011 (DOG num. 100/10, do 28 de maio)

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha axuda para obras de mellora ambiental no ámbito da rede natura 2000, segundo memoria redactada polo arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez

8.3.- Subvención para festas parroquiais

Coa finalidade de promocionar as festas parroquiais, a Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda ás Comisións de Festas por importe de seiscentos (#600,00#) euros, debendo para o cobro das mesmas presentar xustificantes de gasto por importe de alomenos do dobre da cantidade concedida.

8.4.- Escrito num. 898/10 do Concello de Santiago

Dáse conta do escrito remitido polo Concello de Santiago de Compostela sobre expediente de compensación de débedas correspondentes á liquidación de gastos do parque Comarcal de Bombeiros (4º trimestre de 2007- 1º trimestre de 2008 e gastos de persoal do Parque de Bombeiros do ano 2003) cos créditos a favor deste concello correspondentes á achega do FSE para o financiamento do 75% dos gastos realizados e pagados nos anos 2006-2007 (Importe 2.381,74 euros)

A Xunta de Goberno acorda aprobar a compensación

Conclúe ó fio das vinte e tres horas e dez minutos

